



Asumindo o Servizo Galego de Saúde as responsabilidades de prescrición e avaliación da farmacoterapia así como o uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, en desenvolvemento do artigo 13 do DECRETO 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, constitúese pola orde Orde do 9 de abril de 2010 a Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT), como órgano interno de asesoramento da Consellería de Sanidade, que ten como obxectivo xeral realizar un seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos nos centros da rede asistencial do Servizo Galego de Saúde e propoñer estratexias de mellora na xestión eficiente dos recursos canto a calidade, seguridade e eficiencia do seu emprego, e na equidade de acceso a eles.

Segundo recolle o artigo 3 de dita Orde, a CACFT elaborará información obxectiva e independente sobre os medicamentos, produtos sanitarios e dietoterápicos e establecerá recomendacións de emprego comúns para todos os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde. Para elo, e segundo o artigo 9, a CACFT funcionará en pleno, sen prexuízo de que se poderá acordar a creación de subcomisións ou grupos de traballo para o estudo de temas concretos.

De conformidade dito artigo 9 de dita Orde e co asesoramento do Consello de Bioética de Galicia a CACFT acorda, na reunión do 30 de xaneiro de 2020, actualizar o punto 6 das **"Recomendacións para o fomento da utilización dos medicamentos BIOSIMILARES no Servizo Galego de Saúde"** establecidas por esta comisión, na reunión do 25 de abril do 2019, como estratexia de mellora na xestión eficiente dos recursos:

1. Os medicamentos biosimilares son medicamentos autorizados coas mesmas garantías de calidade, eficacia e seguridade que os medicamentos biolóxicos de referencia, e están sometidos aos mesmos requisitos en relación a seguimento de seguridade (Plan de Xestión de Riscos)
2. A súa inclusión na practica clínica habitual supón unha reorganización de recursos que permite un maior acceso á innovación no ámbito sanitario.
3. A medida que os medicamentos biosimilares dispoñan de financiamento, promoverase a súa inmediata inclusión na guía farmacoterapéutica das Institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, sen necesidade de avaliación pola CACFT.
4. Promoverase a protocolización do tratamento das patoloxías nas que o uso de fármacos biolóxicos estea plenamente implantado, coa finalidade de establecer o valor terapéutico e o posicionamento das moléculas que dispoñan de biosimilar, e garantir a maior eficiencia na utilización das alternativas dispoñibles.
5. Priorizarase a utilización dos medicamentos biosimilares como tratamento de inicio sempre que exista comercializado o biosimilar da molécula de elección.





6. Como en calquera outra prescrición, o cambio a un fármaco biosimilar nun tratamento xa instaurado establecerase de forma individualizada segundo criterio médico, xunto co paciente, de acordo cos principios de toma de decisións compartidas. *(Nova redacción por acordo da CACFT do 30 de xaneiro de 2020)*
7. De forma xeral, non se considerará innovación terapéutica ás novas dosificacións, formas farmacéuticas ou vías de administración do medicamento de referencia.
8. Fomentarase a introdución de ferramentas de axuda á prescrición nos programas e sistemas electrónicos de prescrición que faciliten a identificación e prescrición dos medicamentos biosimilares.
9. Promoverase a organización de actividades formativas para profesionais sanitarios e para a cidadanía coa finalidade de aumentar o coñecemento nos medicamentos biosimilares.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Jorge Abad Viñas



Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

